

NOTA DE PRENSA

Representantes nacionais de asociacións da terceira idade coñecerán os principais tratamentos e servizos que lles ofrecen os balnearios galegos

É unha oportunidade para promocionar Galicia como destino turístico entre os maiores, que demandan tratamentos de saúde unidos ao lecer

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- A Asociación de Balnearios de Galicia, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia, está a promover unha serie de iniciativas destinadas a atraer turistas procedentes doutras comunidades autónomas. Froito dun convenio asinado no verán entre os dous organismos, búscase en particular a promoción de Galicia como destino para o segmento do turismo sénior. Nesta liña, ao longo da vindeira semana visitarán os balnearios galegos e lugares emblemáticos da nosa xeografía un grupo de representantes de asociacións da terceira idade procedentes de distintos puntos do país e tamén da propia comunidade.

O presidente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Antonio Garaloces**, explica que “con esta viaxe de familiarización trátase de dar a coñecer os balnearios galegos e o que a nosa comunidade ofrece ao segmento de idade máis avanzada, que é o que na actualidade aporta máis beneficios ao sector termal”. A través desta iniciativa coñecerán os tratamentos e servizos específicos dos que dispón cada establecemento para as persoas maiores.

“A poboación de maior idade está a demandar tratamentos de saúde e destinos máis tranquilos para pasar as súas vacacións e tempos de lecer. Hai uns anos os maiores achegábanse aos balnearios como enfermos crónicos pero a tendencia está a mudar. Agora procuran saúde e benestar, unha mellor calidade de vida unida ao ocio” -manifesta **Garaloces**-.

Visita a 11 balnearios das catro provincias

Esta experiencia arranca o vindeiro luns, 30 de setembro, durante o cal os visitantes terán a oportunidade de coñecer o balneario ourensán de Lobios. O martes chegarán ao balneario de Laias, situado na localidade ourensán de Cenlle. Pola tarde partirán cara o balneario de Arnoia, tamén na provincia de Ourense, onde poderán gozar dos seus tratamentos termais.

O mércores día 2 visitarán os balnearios Acuña e Dávila, os dous na localidade pontevedresa de Caldas de Reis. Logo chegaranse ao balneario de Compostela, situado no concello coruñés de Brión. Aproveitando a proximidade da cidade de Santiago, dedicarán a tarde a percorrer os puntos máis significativos da capital galega, en particular a catedral compostelá. De seguido trasladaranse ao balneario pontevedrés Termas de Cuntis, onde pasarán a noite.

O xoves día 3 coñecerán os balnearios de Baños de Brea -na localidade pontevedresa de Vila de Cruces-, o de Carballo e o de Guitiriz. Neste último poderán somerxerse nas súas augas mineiromedicinais.

Coincidindo con esta viaxe, o día 4 de outubro celébrase no balneario de Lugo a xornada “Balnearios: Turismo sénior e envellecemento activo”, ao que asistirá este grupo. No transcurso da mesma entregarase a VIII Medalla Balnearios de Galicia ao Imsero, en recoñecemento aos 25 anos da creación do seu Programa de Termalismo Social.

Os visitantes pasarán a última xornada desta viaxe, o sábado 5, na cidade de Lugo. Alí, ademais do seu balneario, gozarán dun percorrido pola muralla romana.

Búscase o envellecemento activo da poboación

“Dende a Asociación somos conscientes da importancia que o termalismo está a adquirir no conxunto de España e en toda Europa, de cara a mellorar a calidade de vida da poboación” -sinala o presidente de Balnearios de Galicia-. Salienta que esta realidade está a levar ás Administracións Públicas a considerar os balnearios como colaboradores nas súas políticas de envellecemento activo. E declara que “hoxe en día podemos presumir de que os balnearios galegos son líderes en España e constitúen, despois do Camiño de Santiago, o produto turístico galego con maior prestixio”.

Asociación de Balnearios de Galicia_ www.balneariosdegalicia.es

PRENSA_ 981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es